

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: OFERTA E SELECCIÓN DE 2 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “MANTEMENTO E VALORIZACIÓN FORESTAL DE ESPAZOS NATURAIS, XARDÍNS E ZONAS VERDES”, Ó ABEIRO DO PROGRAMA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) E SE PROCEDE Á SÚA COBERTURA PARA O EXERCICIO DO ANO 2018 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA**

Con data 22 de febreiro de 2018 o Concello de A Lama presentou a solicitude coa finalidade de obter unha subvención para a contratación de 2 traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo “Mantemento e valorización forestal de espazos naturais, xardíns e zonas verdes”, en concreto 2 peóns forestais ao 100% da xornada, por un período de 9 meses.

Con data 1 de xuño de 2018 a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, resolveu outorgar unha subvención polo importe de 22.500,00 euros ao Concello A Lama, equivalente aos custos salariais dos traballadores contratados, maila cotización empresarial á Seguridade Social derivada de ditos salarios, resultantes da contratación de de 2 traballadores/as desempregados/as para a realización do servizo “Mantemento e valorización forestal de espazos naturais, xardíns e zonas verdes” .

O obxecto da presente Resolución é proceder a ofertar as prazas mencionadas, e establece-los criterios para a súa selección.

**As prazas ofertadas, teñen as seguintes características:**

- 2 Peóns forestais: condutor-operador de maquinaria forestal con motor, en xeral
- Duración: 9 meses.
- Tipo de xornada: 100%
- Retribucións Salariais:
  1. Salario Bruto incluída prorrata pagas extras: 968,78 €
  2. Seguridade Social-Cota Patronal: 366,20 €
  3. Custo total mensual: 1.334,98 €

O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, como data límite o 01 de xullo de 2018, fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, DISPOÑO:

1º. Aproba-la correspondente oferta de emprego da praza antes mencionadas, e tendo en conta que só poderán optar a elas os candidatos que previamente remita ó Concello o Servizo Galego de Colocación. Esta oferta de emprego será remitida tamén o Servizo Galego de Colocación en modelo normalizado da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2º. Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados, sendo imprescindible ter a categoría referente a cada posto, e tendo en conta a posibilidade de aumenta-la puntuación segundo o baremo exposto a continuación.

### **BASE PRIMEIRA: REQUISITOS:**

#### **Requisitos xerais:**

- a) Deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estaren dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.
- b) Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas na orde.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- f) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- g) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

### **Requisitos específicos de titulación:**

É requisito posuír o carné de conducir B1.

### **BASE SEGUNDA BAREMACIÓN DE MÉRITOS:**

Os méritos que se terán en conta para a praza serán os seguintes:

A Orde de 31 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establece, no seu artigo 14.5 que terán preferencia en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia. **3 Puntos.** Acreditado mediante certificación dos Servizos Sociais da Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orden de protección, ou informe del Ministerio Fiscal.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. **2,90 Puntos.**
- c) Persoas paradas de longa duración (mais de dous anos en desemprego). **2,70 Puntos** Acreditado mediante informe dos períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
- d) Persoas con discapacidade. **2,50 Puntos.** Acreditado mediante certificado de discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. **2,30 puntos.** Acreditado a través de certificado emitido polo Servizo Público de Emprego (SEPE).
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. **2,10 Puntos**
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. **2,00 Puntos.** Acreditado mediante informe social ou certificado de percepción de RISGA.

Así mesmo terase en conta:

- Menor nivel de protección por desempleo das posibles persoas beneficiarias. **Máximo 1,90 puntos** . Acreditado a través de certificado emitido polo Servizo Público de Emprego (SEPE) da cantidade mensual no mes anterior á selección de candidatos.
  - Ata 50% IPREM mensual 2018:.....**1,90 Puntos**
  - Ata 100% IPREM mensual 2018:.....**1,50 Puntos**
  
- Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacidadas ou menores en acollemento, e que non perciban ningún tipo de ingreso. **Máximo de 2 puntos (0,5 puntos por cada persoa ó seu cargo)**. Previa acreditación documental a través do Libro de Familia, Volante de convivencia e declaración da renda das persoas físicas 2017 (IRPF) ou datos fiscais 2017 dos membros a cargo.

**Tamén se valorará a formación profesional específica ata un máximo de 2 puntos:**

- 0.25 por curso que poida ser de interese para as postos convocados.

### **BASE TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello A LAMA, **ata o día 25 de xuño de 2018 (inclusive)**, sendo o horario de presentación de documentación de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00 h.

- Anexo I Instancia de solicitude no modelo normalizado
- Anexo II Declaración xurada de cumpri-los requisitos
- Anexo III Declaración de responsabilidades familiares e de ingresos percibidos
  
- Acreditación documental xustificativa dos requisitos esixidos en orixinal ou copia compulsada.
  - DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade
  - Informe dos períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
  - Informe de vida laboral actualizado
  - Carné do conducir B1

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

- Acreditación documental xustificativa dos dos méritos alegados (se fora o caso) en orixinal ou copia compulsada.
  - Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero. Certificación dos Servizos Sociais da Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orden de protección, ou informe del Ministerio Fiscal).
  - Acreditación da discapacidade: Certificado de discapacidade
  - Acreditación do esgotamento das prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Acreditado a través de certificado emitido polo Servizo Público de Emprego (SEPE).
  - Acreditación do menor nivel de protección por desemprego. Certificado emitido polo Servizo Público de Emprego (SEPE) da cantidade mensual no mes anterior á selección de candidatos.
  - Acreditación das persoas ao seu cargo e dos seus ingresos:
    - o Libro de Familia,
    - o Volante de convivencia
    - o Declaración da renda das persoas físicas 2017 (IRPF) ou datos fiscais 2017 dos membros a cargo.
  - Acreditación da condición de integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Acreditado mediante informe social ou certificado de percepción de RISGA.

### **BASE CUARTA: ENTREVISTA:**

Finalizada a fase de valoración dos méritos acreditados polos aspirantes, o tribunal celebrará unha entrevista coa finalidade de avalia-las súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo obxecto da convocatoria.

Esta entrevista valorarase ata un máximo de 2 puntos.

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos no artigo 14.5 da A Orde de 31 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, por esa orde de preferencia.

A entrevista será o día **26 de xuño de 2018 as 10:00 horas** no Concello, e os aspirantes deberán acudir provistos da documentación que queren que se valore, tódolos méritos que se aleguen acreditaranse con copia dos títulos ou certificacións orixinais. O/a traballador/a seleccionada deberá compulsar tódolos documentos previamente a súa contratación.

### **BASE QUINTA: PROCEDEMENTO:**

Os méritos apreciaranse pola Comisión Seleccionadora á vista da documentación

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

presentada e da entrevista persoal que se lles fará.

Aqueles que obteñan a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos e a entrevista, serán propostos para a praza.

Tanto a proposta da Comisión Seleccionadora como a ulterior Resolución de Alcaldía serán notificadas ós interesados mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

### **BASE SEXTA: LISTA DE RESERVA:**

1.- Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, cunha validez de *ata o remate do Servizo*, integrada polos candidatos que, tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuación finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a presentación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2.- No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

### **BASE SÉTIMA: COMISIÓN SELECCIONADORA**

A Comisión Seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

- Presidenta: A Secretaria-Interventora accidental da Corporación Mónica García Valladares, ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
  1. O Operario municipal José Benito Barreiro López ou persoa en quen delegue.
  2. A Traballadora Social Mónica Barreiro Estévez, ou persoa en quen delegue.
  3. O Operario municipal Emilio Lois Lorenzo ou persoa en quen delegue
- Secretaria: A funcionaria administrativa adscrito a Secretaría , Ana Isabel Rodríguez Queipo, ou persoa en quen delegue.

Estará presente como asesora da comisión Seleccionadora D<sup>a</sup>. María Galiza Agüete Dorrío, psicóloga do CIM do Concello A Lama.

### **BASE OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

Os aspirantes propostos presentarán no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- o Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza
- o Copia da tarxeta de desemprego
- o Copia da tarxeta da Seguridade Social
- o Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

Os aspirantes propostos deberán someterse ó oportuno exame de saúde laboral que acredite a súa aptitude para o desenvolvemento do posto de traballo.

A Lama, na data que figura na marxe.

O ALCALDE

A SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL

Jorge Canda Martínez

Mónica García Valladares

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

### ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

D <sup>a</sup> ./D.	
DNI	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA:
TELÉFONO	

Enterada/o do posto de traballo que o Concello A Lama pretende cubrir para:

A SELECCIÓN DE 2 PRAZA DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE "MANTEMENTO E VALORIZACIÓN FORESTAL DE ESPAZOS NATURAIS, XARDÍNS E ZONAS VERDES"

#### **DECLARO:**

- 1º. Que coñezo na súa integridade as Bases que rexen a convocatoria.
- 2º. Que solicito ser admitida/o a esta selección e comprométome a someterme ás Bases que o regulan.

#### **Xunto coa presente instancia presento a seguinte Documentación Xeral:**

- DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade
- Informe dos períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Informe de vida laboral actualizado
- Carné de conducir B1
- Anexo II Declaración xurada de cumpri-los requisitos
- Anexo III Declaración de responsabilidades familiares e de ingresos percibidos

**Acreditación documental xustificativa dos dos méritos alegados (se fora o caso) en orixinal ou copia compulsada.**



## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

- Acreditación da concidición de vítima de violencia de xénero. Certificación dos Servizos Sociais da Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orden de protección, ou informe del Ministerio Fiscal).
- Acreditación da discapacidade: Certificado de discapacidade
- Acreditación do esgotamento das prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Acreditado a través de certificado emitido polo Servizo Público de Emprego (SEPE).
- Acreditación do menor nivel de protección por desemprego. Certificado emitido polo Servizo Público de Emprego (SEPE) da cantidade mensual no mes anterior á selección de candidatos.
- Acreditación das persoas ao seu cargo e dos seus ingresos:
  - o Libro de Familia,
  - o Volante de convivencia
  - o Declaración da renda das persoas físicas 2017 (IRPF) ou datos fiscais 2017 dos membros a cargo.
- Acreditación da condición de integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Acreditado mediante informe social ou certificado de percepción de RISGA.
- Acreditación documental xustificativa en orixinal ou copia compulsada dos cursos do formación profesional específica (cursos que poidan ter interés para o posto convocado e cursos da FESS, FESSGA ou IDISSA)

A Lama, a                      de                      de 2018

Asinado:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE A LAMA

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

De acordo con lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999, le informamos de que sus datos personales forman parte de un fichero, cuyo responsable es CONCELLO DE A LAMA con domicilio social en Avenida Do Concello 1, 36830 A Lama (Pontevedra). La finalidad de este fichero es la tramitación de las instancias de solicitud de empleo dirigidas al Concello. Si lo desea podrá ejercitar los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición dirigiéndose por escrito a la dirección señalada, adjuntando una fotocopia de su DNI.

### ANEXO II

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE

##### DECLARO:

- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no su caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- Estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estaren dispoñibles para o emprego.
- Non haber sido contratado por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas
- Posuír o carné do conducir B1

A Lama, a                    de                    de 2018

Asdo.

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

De acuerdo con lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999, le informamos de que sus datos personales forman parte de un fichero, cuyo responsable es CONCELLO DE A LAMA con domicilio social en Avenida Do Concello 1, 36830 A Lama (Pontevedra). La finalidad de este fichero es la tramitación de las instancias de solicitud de empleo dirigidas al Concello. Si lo desea podrá ejercitar los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición dirigiéndose por escrito a la dirección señalada, adjuntando una fotocopia de su DNI.

### ANEXO III

#### DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADES FAMILIARES E DE INGRESOS PERCIBIDOS

DECLARO:

1º.- Ter ao meu cargo as seguintes persoas cos seguintes ingresos:

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	INGRESOS (segundo declaración da renda das persoas físicas 2017 (IRPF) ou datos fiscais 2017)

A Lama, a                    de                    de 2018

Asdo.

De acuerdo con lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999, le informamos de que sus datos personales forman parte de un fichero, cuyo responsable es CONCELLO DE A LAMA con domicilio social en Avenida Do Concello 1, 36830 A Lama (Pontevedra). La finalidad de este fichero es la tramitación de las instancias de solicitud de empleo dirigidas al Concello. Si lo desea podrá ejercitar los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición dirigiéndose por escrito a la dirección señalada, adjuntando una

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

fotocopia de su DNI.